

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O Concelleiro Delegado de Deportes por Resolución de data 10 de outubro de 2022, resolveu;

ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS Expd. 21243-333

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento dos sistemas de climatización e calefacción instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá do Concello de Vigo

II.- ANTECEDENTES

Primeiro.

Segundo consta no certificado de licitadores expedido pola secretaria de Administración Municipal de data 23/08/2022, durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 03/08/2022 para a contratación polo procedemento aberto do “Aluguer de dúas casetas para a súa colocación nas instalacións deportivas do campo de fútbol do Carballal e das pistas de atletismo en Balaídos, expediente 21243-333”, que rematou o día 19 de agosto do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta a través da mesma.

O día 12 de setembro de 2022 ás 10:00 horas, reúnense o Xefe do Servizo de Deportes Director Deportivo coa xefa do Servizo de Contratación para a apertura do sobre único segundo o previsto na cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral presentaron proposición os seguintes licitadores:

ASINADO POR: TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL - (ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ) 13/10/2022 09:45:04

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2022 12:09	Páxina 1 de 4
21243-333	CSV: A8AHB8-25DHBC-A2E7D6-QPZDDH-QYRRT7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. BAYGAR S.L.

Segundo.

Os asistentes manifestaron non ter conflito de intereses cos licitadores.

Procedeuse á descriptación das proposicións a través da Plataforma de Contratos do Sector Público. Respecto da documentación persoal:

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP
1	BAYGAR, S.L.		

Á vista da documentación presentada, procede:

- Admitir neste procedemento a BAYGAR, S.L. documentación persoal (DEUC, Anexo II) esixida na cláusula 13.1 do PCAP.

III. AVALIACIÓN DAS OFERTAS

Primeiro: Proposicións avaliadas a través de fórmula:

	Licitador	Prezo € s/ive	IVE €	Prezo (IVE incluído) €
1	BAYGAR S.L.	2.628,00	551,88	3.179,88

A continuación o servizo xestor, para os efectos de adjudicar este contrato, comprobou que a única oferta se axustan ao pregos, non contén valores anormais ou desproporcionados conforme ao disposto no apartado 6B na cláusula 18.1 do PCAP.

En consecuencia procede, valorar a proposición presentada, ordénase a única proposición presentada conforme ao previsto no apartado 6A do Anexo 1 -FEC- do PCAP,

	Licitador	Prezo (IVE incluído) €
1	BAYGAR, S.L.	3.179,88

Segundo.- Conforme ao previsto na cláusula 20.1 do PCAP, e coa asistencia do Servizo de Contratación, comprópanse os seguintes extremos en relación co licitador clasificado no primeiro lugar:

- “A súa personalidade, se é unha persoa física ou ben, a súa válida constitución e obxecto social, se é unha persoa xurídica.
- Capacidade de obrar.
- Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
- Que non está incurso en prohibición de contratar”.

Terceiro.- De acordo co previsto na cláusula 20.4 do PCAP compróbase que o licitador con está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e fronte á Tesourería Xeral da



Seguridade Social, segundo no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 12/09/2022, incorporado ao expediente polo servizo de Contratación.

Así mesmo, o dito servizo requiriu de oficio a certificación acreditativa de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo, emitido con data 14/09/2022

En consecuencia, segundo o previsto na cláusula 22 do PCAP, procede formular ao órgano de contratación proposta de adxudicación deste procedemento en base aos seguintes.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Dita obriga atópase delegada nos concelleiros responsables das diferentes áreas en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020. A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.1 da LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao concelleiro delegado de deportes, correspóndelle ao servizo xestor de conformidade coa cláusula 22.1 do PCAP.

Trátase dun contrato de subministro cuxo obxecto é DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS Expd. 21243-333 co contido económico reflectido no apartado 3 da FEC: orzamento base de licitación de 4.767,40 € c/ive.

A proposta realizarase a favor do licitador que presente a única proposición, trala aplicación dos criterios avaliados mediante fórmula previstos no apartado 6.A das FEC (*"As ofertas ordenarase por orde ascendente resultando adxudicataria a que oferta unha maior redución do prezo do contrato"*), de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 1 da LCSP).

De conformidade cos antecedentes e motivación anteriormente expostos, resulta procedente formular proposta de adxudicación a favor de BAYGAR, S.L. CIF: B12019659 por importe de 3.179,88 C/IVE sendo o IVE do 21% de 551,88 €

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle ao órgano de contratación (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), competencia delegada no concelleiro delegado de Deportes, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e Resolución de competencias do 26 de xuño de 2019

En base ao que antecede e, fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral Municipal en data 07/10/2022, e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, Decreto de Delegación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2022 12:09	Páxina 3 de 4
21243-333	CSV: A8AHB8-25DHBC-A2E7D6-QPZDDH-QYRRT7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e Resolución de competencias do 26 de xuño de 2019 e tendo en conta o informe do ADXS Director técnico do servizo de deportes, resolvo:

RESOLUCIÓN:

Primeiro: Adxudicar a BAYGAR, S.L. CIF: B12019659 por importe de 3.179,88€ con IVE o SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS sendo o IVE do 21% de 551,88 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada expte. 21243/333

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ambos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Os informes e documentación que motivan esta adxudicación poden consultalos no seguinte enderezo web:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=WIT%2FZCrb%2Bw%2FnSoTX3z%2F7wA%3D%3D

De conformidade coa cláusula 24.1 do PCAP "a formalización do contrato efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación", polo que **deberán asinar esta resolución de adxudicación e enviala ao seguinte correo electrónico á maior brevidade posible: contratacion@vigo.org**

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

la/

A Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 15.09.2021).- Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2022 12:09	Páxina 4 de 4
21243-333	CSV: A8AHB8-25DHBC-A2E7D6-QPZDDH-QYRRT7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		